

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese no Pazo provincial ás 10:55 h do día 21 de abril de 2025, baixo a presidencia de **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME**, en substitución de D. JORGE CUBELA LÓPEZ e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. JAVIER TOURÍS ROMERO**, en substitución de D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, **D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ**, **D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA**, **D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ**, **D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO**, **D.ª MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ**, **D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA**, **D. MARCOS GUIASOLA PADÍN**, **D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ**, **D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ**, **D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ**, **D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ**, **D. GORKA GÓMEZ DÍAZ**, **D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN**, **D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO** e **D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 21 de marzo de 2025.

2.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DE ACTUACIÓNS AUTORIZADAS AOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA CON CARGO AO PROGRAMA “+MÚSICA” 2025 (EXPTE. 2025003603)

O presidente dá conta das actuacións autorizadas aos concellos da provincia de Pontevedra con cargo ao programa +Música 2025, aprobadas pola Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 28 de marzo de 2025 e que figuran na relación con CSV: L1UCAO31SD76HY2H. Nesta edición 2025 serán un total de 78 actuacións que suman un orzamento de 695.898,24 €.

Tal como figuraba na base sexta da convocatoria do programa +Música 2025, bases publicadas no BOPPO núm. 29, de 12 de febreiro de 2025, os concellos destinatarios podían solicitar a autorización dun máximo de dúas actuacións a desenvolver entre o 15 de abril e o 31 de decembro de 2025. As actuacións serán cofinanciadas entre a Deputación e os concellos, aboando a Deputación o 100% do caché do espectáculo do grupo ou artista e o concello a produción técnica. Á vista da presentación de 59 solicitudes por parte dos concellos da provincia e de acordo cos criterios de adxudicación das actuacións, establecidos na base décimo terceira de dita convocatoria, confeccionouse o listado das actuacións que lle corresponden a cada concello e establécese o caché a aboar pola Deputación a cada grupo.

3.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025 (EXPTE. 2024084032)



O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega, publicadas no BOPPO núm. 71, do 14 de abril de 2025, que teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para promover, fomentar e difundir as actividades encamiñadas á dinamización da lingua galega, co fin de potenciar o uso do noso idioma no ámbito socioeconómico e, en xeral en todos os sectores de importancia que teñan repercusión social e nas actividades que organicen as entidades culturais sen fins de lucro no seu termo municipal entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

As axudas convócanse con cargo á aplicación 25/334.3340.489.05 por un importe total de cento cincuenta mil (150.000,00) euros. O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 75% do seu orzamento nin superar o importe de catro mil (4.000,00) euros. O prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e BDNS.

4.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE MICRORRELATOS AUDIOVISUAIS MICROMUSEO PARA O ANO 2025 (EXPTE. 2025015782)

O presidente dá conta das bases reguladoras e convocatoria do Concurso de Microrrelatos audiovisuais MicroMuseo para o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 68, do 9 de abril de 2025, que rexen as solicitudes de participación en dito concurso, o cal ten como fin promover e apoiar a cultura e implicar directamente a comunidade escolar para contribuír ao coñecemento do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra que se atopa no Museo de Pontevedra.

Poderán optar a estes premios os centros escolares de educación primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, situados na provincia, que participarán en tres categorías segundo a idade e curso escolar. O concurso consistirá na presentación dun microrrelato en formato audiovisual e lingua galega, o cal non deberá superar os 120 segundos, que tratará a temática prevista para esta edición dedicada a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, con motivo da celebración dos 75 anos do falecemento deste referente indispensable no Museo de Pontevedra e na cultura galega. Tomaranse como eixes temáticos ou argumentais as obras de Castelao que se custodian e expoñen no Museo de Pontevedra, no edificio que leva o seu nome.

Os premios están dotados cun importe total de nove mil (9.000,00) euros, contía con cargo á aplicación 25/333.3330.481.02 do Orzamento provincial, e con catálogos e bibliografía relacionados coa figura homenaxeada, a repartir entre as diferentes categorías. O prazo de solicitude para participar remata o 9 de maio do presente ano.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 11:00 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

